



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en xullo de 2023

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xullo do ano 2023 acadou a cifra de 1.078.128 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xuño de 2023 de 10.898 afiliacións (1,02%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.891.885, rexistrando un aumento do 0,11% con respecto ao pasado mes de xuño.

Na comparativa interanual (xullo de 2023 con xullo de 2022) obsérvase un aumento de 19.935 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,88%) e un aumento do 2,71% (550.920 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xuño de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en once comunidades autónomas, destacando Illes Balears (2,07%) e Cantabria (1,99%); mentres que en seis comunidades autónomas baixan as afiliacións (La Rioja, Madrid, Canarias, País Vasco, Andalucía e Murcia). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas interanuais superiores ao 4,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.891.885	21.945	0,11	550.920	2,71
Galicia	1.078.128	10.898	1,02	19.935	1,88
Andalucía	3.344.113	-12.146	-0,36	62.796	1,91
Aragón	614.657	15	0,00	16.908	2,83
Asturias	384.401	4.203	1,11	5.756	1,52
Illes Balears	635.357	12.912	2,07	28.710	4,73
Canarias	875.103	-4.293	-0,49	36.117	4,30
Cantabria	235.853	4.612	1,99	4.492	1,94
Castilla La Mancha	783.365	1.792	0,23	18.975	2,48
Castilla y León	970.815	8.574	0,89	17.893	1,88
Cataluña	3.753.713	10.931	0,29	103.185	2,83
Comunitat Valenciana	2.105.678	5.789	0,28	58.613	2,86
Extremadura	418.653	3.312	0,80	5.318	1,29
Madrid	3.554.867	-18.132	-0,51	133.950	3,92
Murcia	648.511	-1.728	-0,27	11.497	1,80
Navarra	306.176	617	0,20	5.126	1,70
País Vasco	998.734	-4.220	-0,42	16.713	1,70
La Rioja	135.086	-877	-0,64	1.724	1,29
Ceuta e Melilla	48.674	-316	-0,64	3.214	7,07

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,15%, o que supón 9.779 afiliacións máis, seguida de Ourense (1,83%), Pontevedra (1,72%) e Lugo (1,45%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño, rexistrouse en Galicia un incremento do 1,02%. Lugo presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 1,58%, seguida de Pontevedra (1,25%), Ourense (0,77%) e A Coruña (0,74%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	464.399	3.389	0,74	9.779	2,15
LUGO	127.639	1.989	1,58	1.830	1,45
OURENSE	106.580	817	0,77	1.920	1,83
PONTEVEDRA	379.511	4.703	1,25	6.406	1,72
GALICIA	1.078.128	10.898	1,02	19.935	1,88
ESPAÑA	20.891.885	21.945	0,11	550.920	2,71


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,99% das afiliacións galegas en xullo de 2023, aumentou un 1,24% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,61%. En España estas taxas foron do 0,15% con respecto a xuño de 2023 e do 3,23% en relación ao mes de xullo de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,88%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,67%), Ourense (-1,60%) e A Coruña (-0,86%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,18%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,73%. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2023, baixan Ourense (-0,22%), Lugo (-0,15%) e A Coruña (-0,05%) e sube Pontevedra (0,28%); resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,02%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,11% e unha baixada intermensual do 0,20%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xullo de 2022, baixan as afiliacións en Lugo (-4,00%), A Coruña (-1,09%) e Pontevedra (-0,76%). A taxa galega acaba entón o -1,09%, inferior á de España (-0,01%). Con respecto a xuño de 2023, Pontevedra presenta unha subida do 2,71%, seguida da Coruña cunha subida do 1,77%; mentres que Lugo presenta unha baixada do 0,05%. A taxa galega amosa un aumento do 2,24% con respecto a xuño de 2023. A taxa nacional é do 2,68%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	464.399	0,74	2,15
LUGO	127.639	1,58	1,45
OURENSE	106.580	0,77	1,83
PONTEVEDRA	379.511	1,25	1,72
GALICIA	1.078.128	1,02	1,88
ESPAÑA	20.891.885	0,11	2,71
R. XERAL			
A CORUÑA	374.843	0,90	2,90
LUGO	94.297	2,21	2,65
OURENSE	83.925	1,04	2,80
PONTEVEDRA	298.547	1,42	2,18
GALICIA	851.611	1,24	2,61
ESPAÑA	17.478.591	0,15	3,23
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.044	-0,05	-0,86
LUGO	31.883	-0,15	-1,67
OURENSE	22.655	-0,22	-1,60
PONTEVEDRA	68.008	0,28	0,18
GALICIA	206.590	0,02	-0,73
ESPAÑA	3.344.562	-0,20	0,11
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.512	1,77	-1,09
LUGO	1.459	-0,05	-4,00
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.956	2,71	-0,76
GALICIA	19.927	2,24	-1,09
ESPAÑA	67.772	2,68	-0,01

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>